



Concello de Mugaros
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2022/13

Trámite

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO
PLENO CON DATA DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

Cadro de asistencias	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás nove horas e tres minutos.

1º.-RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Inicia o exame deste punto da orde do día o alcalde quen cede o uso da palabra ao concelleiro delegado das áreas de Facenda, Persoal e Participación Cidadá que procede a motivar a urxencia da sesión en atención á apertura do curso escolar para os efectos de que se poda estender o réxime de bonificacións para o primeiro fillo/a pola prestación de servizo de atención educativa e tras a adaptación da franxas IPREM ás marcadas pola Xunta de Galicia para as escolas infantís, o concello poda solicitar a compensación económica polo importe que deixa de percibir a través da convocatoria de axudas publicada pola administración autonómica no DOG de 3 de agosto de 2022.

Sometida a votación ordinaria a urxencia dos puntos nº 2º e 3º que figuran na orde do día, polo voto favorable do número legal de membros da corporación, prestouse aprobación á ratificación da urxencia da convocatoria nos termos do artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2º.- BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE/FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACION CIDADÁ. EXPEDIENTE 869/2022. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13 . Inicia o exame deste punto da orde do día o alcalde quen cede o uso da palabra ao concelleiro delegado das áreas de Facenda, Persoal e Participación Cidadá para explicar o sentido do expediente e a súa finalidade.

A continuación procédese a dar lectura extractada ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en sesión ordinaria realizada con data 1 de setembro de 2022:

“ ...

Primeiro.- Acordar o establecemento e aplicación do réxime de bonificación do 100% para o primeiro fillo ou filla e seguintes da unidade familiar do importe da taxa pola prestación do servizo de atención educativa da Escola Infantil 0-3 anos “As Lagoas”, curso 2022-2023, ao abeiro da facultade prevista na DA 9ª da Lei 13/2008, de 3 decembro de Servizos Sociais de Galicia, dando inicio de xeito simultáneo ao procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 e do Regulamento de Réxime Interior do indicado servizo para os efectos de dar cabida ao novo réxime de bonificacións (bonificación para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar) e a unificación do cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria ao marcado pola administración autonómica.

Segundo.- Publicar o acordo que así se adopte no BOP, taboleiro de anuncios e Portal de Transparencia con motivo do inicio do período de matriculación do curso escolar 2022- 2023. Comprensivo do acordo de establecemento e aplicación do réxime de bonificación do 100% para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar do importe da taxa pola prestación dos servizos de atención educativa da

2





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Escola Infantil As Lagoas, curso 2022- 2023, ao que se refire o pronunciamento anterior xunto co cadro comprensivo do novo cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria.

Terceiro.- Tomar en consideración e someter ao trámite de audiencia e participación cidadá a modificación da OF nº 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal “As Lagoas” segundo o texto proposta que xunta como Anexo.

Cuarto.- Tomar en consideración e someter ao trámite de audiencia e participación cidadá o texto proposta de modificación e texto refundido resultante do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal “As Lagoas” e modelo de solicitude para incluír o servizo de almorzo e/ou merenda que se xunta como anexo, procedendo de seguido a realización dos trámites descritos no informe conxunto de Intervención e Secretaría de 30 de agosto de 2022.

...”.

Déixase constancia en acta dos principais antecedentes que constan no expediente:

- Informe da psicóloga municipal de 27 de abril de 2022 e 28 de agosto de 2022.
- Proposta de texto consolidado das modificacións a aplicar na Ordenanza Fiscal nº 13 asinada polo concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.
- Informe conxunto de intervención e secretaria de 31 de agosto de 2022.
- Informe técnico-económico emitido pola tesoureira municipal con data 1 de setembro de 2022.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Manifesta a súa vontade de prestar aprobación á proposta supeditada a que o concello poda facerse cargo do importe que en atención aos novas franxas IPREM lle corresponde aboar ás familias con menor capacidade económica pola prestación dos servizos complementarios.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSOE. Indica que se ben no día de onte o seu grupo votou abstención na Comisión Informativa, adianta o voto favorable do seu grupo en orde a priorizar cando menos a bonificación do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

servizo de atención educativa de xeito que sexa gratuita de 0 a 3 anos.

José Miguel Mahía Prados, concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Pódese analizar a petición do voceiro do grupo municipal BNG máis resalta que o principal problema é adaptar neste momento as franxas recollidas na Ordenanza e no RRI ás marcadas pola Xunta de Galicia. O compromiso é que se proceda a ser avaliada técnica e verificar se non é contrario á Orde de convocatoria de axudas autonómica.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Considera que a Orde establecerá uns máximos e que á Xunta de Galicia resultaralle indiferente quen pague, se as familias ou o concello. Polo que ou se asume o compromiso ou se absterá.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, por oito votos a favor (5PP+3PSOE), catro votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN) e unha abstención (1BNG), o Pleno en exercicio das facultades previstas no artigo 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de outubro, polo que se aproba o tecto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e ao abeiro do establecido na DA 9ª da Lei 13/2008, de 3 decembro de Servizos Sociais de Galicia, e 132 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas adoptou o **seguinte acordo**:

Primeiro.- Acordar o establecemento e aplicación do réxime de bonificación do 100% para o primeiro fillo ou filla e seguintes da unidade familiar do importe da taxa pola prestación do servizo de atención educativa da Escola Infantil 0-3 anos “As Lagoas”, curso 2022-2023, ao abeiro da facultade prevista na DA 9ª da Lei 13/2008, de 3 decembro de Servizos Sociais de Galicia, dando inicio de xeito simultáneo ao procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 e do Regulamento de Réxime Interior do indicado servizo para os efectos de dar cabida ao novo réxime de bonificacións (bonificación para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar) e a unificación do cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria ao marcado pola administración autonómica.

Segundo.- Publicar o acordo que así se adopte no BOP, taboleiro de anuncios e Portal de Transparencia con motivo do inicio do período de matriculación do curso escolar 2022- 2023. Comprensivo do acordo de establecemento e aplicación do réxime de bonificación do 100% para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar do importe da taxa pola prestación dos servizos de atención educativa da Escola Infantil As Lagoas, curso 2022- 2023, ao que se refire o pronunciamento anterior xunto co cadro comprensivo do novo cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria.

4





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Terceiro.- Tomar en consideración e someter ao trámite de audiencia e participación cidadá a modificación da OF nº 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal “As Lagoas”, artigos 5, 6, 7 e 8 e eliminación da disposición transitoria, segundo o texto obrante na proposta formulada polo Concelleiro Delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en data 31.08.2022 (Cod. Validación: 74JQHFWGQPGS3H2ZYHZN37CPJ)

3º.- BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE/FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACION CIDADÁ.- EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS.- Por parecer conxunto dos diferentes grupos dáse por reproducidas as intervencións relativas ao punto anterior da orde do día no presente no que constan como antecedentes máis destacados:

- Informe da psicóloga municipal de 27 de abril de 2022 e 30 de agosto de 2022.
- Proposta de texto consolidado das modificacións a aplicar no RRI da escola infantil As Lagoas asinada polo concelleira delegada da área de Benestar Social e Igualdade de 31 de agosto de 2022
- Informe conxunto de intervención e secretaría de 31 de agosto de 2022.

Ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en sesión ordinaria reolizada con data 1 de setembro de 2022 cuxos pronunciamentos son:

“ ...

Primeiro.- Acordar o establecemento e aplicación do réxime de bonificación do 100% para o primeiro fillo ou filla e seguintes da unidade familiar do importe da taxa pola prestación do servizo de atención educativa da Escola Infantil 0-3 anos “As Lagoas”, curso 2022-2023, ao abeiro da facultade prevista na DA 9ª da Lei 13/2008, de 3 decembro de Servizos Sociais de Galicia, dando inicio de xeito simultáneo ao procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 e do Regulamento de Réxime Interior do indicado servizo para os efectos de dar cabida ao novo réxime de bonificacións (bonificación para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar) e a unificación do cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria ao marcado pola administración autonómica.

Segundo.- Publicar o acordo que así se adopte no BOP, taboleiro de anuncios e Portal de Transparencia con motivo do inicio do período de matriculación do curso escolar 2022- 2023. Comprensivo do acordo de establecemento e aplicación do réxime de bonificación do 100% para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar do importe da taxa pola prestación dos servizos de atención educativa da Escola Infantil As Lagoas, curso 2022- 2023, ao que se refire o pronunciamento





Concello de Mugardos
(A Coruña)

anterior xunto co cadro comprensivo do novo cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria.

Terceiro.- Tomar en consideración e someter ao trámite de audiencia e participación cidadá a modificación da OF nº 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola Infantil Municipal “As Lagoas” segundo o texto proposta que xunta como Anexo.

Cuarto.- Tomar en consideración e someter ao trámite de audiencia e participación cidadá o texto proposta de modificación e texto refundido resultante do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal “As Lagoas” e modelo de solicitude para incluír o servizo de almorzo e/ou merenda que se xunta como anexo, procedendo de seguido a realización dos trámites descritos no informe conxunto de Intervención e Secretaría de 30 de agosto de 2022.

...”.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, por oito votos a favor (5PP+3PSOE), catro votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN) e unha abstención (1BNG), o Pleno de conformidade co disposto nos artigos 22, 47.1º e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e ao abeiro do establecido na DA 9ª da Lei 13/2008, de 3 decembro de Servicios Sociais de Galicia e 132 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, adoptou o **seguinte acordo**:

Primeiro.- Acordar o establecemento e aplicación do réxime de bonificación do 100% para o primeiro fillo ou filla e seguintes da unidade familiar do importe da taxa pola prestación do servizo de atención educativa da Escola Infantil 0-3 anos “As Lagoas”, curso 2022-2023, ao abeiro da facultade prevista na DA 9ª da Lei 13/2008, de 3 decembro de Servicios Sociais de Galicia, dando inicio de xeito simultáneo ao procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 e do Regulamento de Réxime Interior do indicado servizo para os efectos de dar cabida ao novo réxime de bonificacións (bonificación para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar) e a unificación do cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria ao marcado pola administración autonómica.

Segundo.- Publicar o acordo que así se adopte no BOP, taboleiro de anuncios e Portal de Transparencia con motivo do inicio do período de matriculación do curso escolar 2022- 2023. Comprensivo do acordo de establecemento e aplicación do réxime de bonificación do 100% para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar do importe da taxa pola prestación dos servizos de atención educativa da Escola Infantil As Lagoas, curso 2022- 2023, ao que se refire o pronunciamento anterior xunto co cadro comprensivo do novo cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Terceiro.- Tomar en consideración e someter ao trámite de audiencia e participación cidadá o texto proposta de modificación(artigos 5, 6 e 7 e eliminación da disposición transitoria) e texto refundido resultante do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal “As Lagoas” e modelo de solicitude para incluír o servizo de almorzo e/ou merenda, procedendo de seguido a realización dos trámites descritos no informe conxunto de Intervención e Secretaría de 31 de agosto de 2022; texto refundido do regulamento que consta no Proxecto de modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal “As Lagoas” asinado pola Concelleira Delegada da área de Benestar Social e Igualdade en data 31.08.2022, obrante no expediente (Cod. Validación: 5TCL542KQ5KH4PFAXZDJ3YM2R).

Sendo as nove horas e dezasete minutos do dous de setembro de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e prace
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

